

"ASÍ CELEBRAMOS O ENTROIDO"

Aos nenos e nenas de 1º e 2º dixerónnos as nosas mestras que tiñamos que contarvos como celebramos o Entroido.

Sabiades que este ano é o Ano Internacional da Astronomía? Si, si, esa ciencia que estuda o universo: as estrelas, os planetas, a lúa, as constelacións... Por iso o noso disfrace levaba representadas cousas do Universo.

Fixémolo con bolsas de plástico de cor azul e gris. Nunhas bolsas azuis pegáronse estrelas douradas e noutras lúa prateadas.

Nas bolsas de cor gris pegáronse planetas. Na cabeza levabamos unha cinta de cartolina brillante con estrela, lúa ou planeta.

Chegou o día e todos, nenas, nenos e mestras, puxemos os traxes. Todos xuntos paseamos polo pobo cantando e turuteando coas nosas turutas ata chegar ao concello onde cantamos todos a murga. Alí a concelleira Montse díxonos que ían cumprir todas as nosas peticións.

De volta ao colégio pasamos polo parque onde estaban as greixoeiras. Levamos os freíscós para o cole onde os comemos xunto coas orellas e un batido de chocolate que nos deron na ANPA. Que boas estaban!

Xogamos un pouco e chegou o momento de queimar o boneco que representou o Entroido. Fixérono os nenos e nenas de 6º con materiais de refugallo.

Sabedes que nome lle puseron? Ealote. Para que non houbera perigo alí estaban componentes de protección civil para apagar o lume.

Así rematou a festa. Pasámolo moi ben! Agora mirade con atención estas fotografías. Verdade que estomos guapos?



Imos pola rúa para ir ao Concello.



Este era Faleta, o boneco
que queimamos.



Todos xuntos cantamos a
murga diante do concello.



Así era a nosa pancarta con moita "astronomía"



Moi contentos regresamos ao colexio. As orellas e os feiscós estábannos agardando!